

Organiza



Concello de Brión  
[www.concellodebrion.gal](http://www.concellodebrion.gal)

Colaboran



**POSITIVAS**



## IV PREMIO “LAUDAMUCO” PARA TEXTOS TEATRAIS

“*Laudamuco, señor de ningures*” foi a obra coa que o teatro galego iniciou a súa singradura profesional. Aconteceu o dezaseis de maio de 1978. Van alá corenta e tres anos. Detrás daquela audaz iniciativa estaba a “*Compañía Antroido*” e, dirixindo ese proxecto escénico, o noso ilustre veciño Roberto Vidal Bolaño. Aquela decisión foi determinante para o o conxunto do sistema teatral galego e sen ela non se podería explicar a historia posterior do noso teatro.

Coa intención de estimular e apoiar a creación dramática en lingua galega, contribuír ao recoñecemento de Vidal Bolaño por todo o que representou e segue a representar na nosa cultura, o Concello de Brión, co apoio da Academia Galega de Teatro e de Edicións Positivas, convoca, o *IV Premio “Laudamuco” para Textos Teatrais 2022*, de acordo coas seguintes bases:

### Primeira.-

Poderán optar ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten obra dramática inédita e nunca antes premiada, sempre que estea escrita en lingua galega.

### Segunda.-

A dotación económica do premio será de 7.000 euros e a edición da obra gañadora, que correrá a cargo de Edicións Positivas. Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables. Asemade, entregaráselle ao/á gañador/a unha obra artística conmemorativa.

### Terceira.-

O tema e a extensión da obra será libre. De cada obra presentaranse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite, dirixido á **Casa da Cultura de Brión, Carballeira de Santa Minia nº 5, C.P. 15865, Brión (A Coruña)**.

Deberase indicar no exterior do sobre *IV Premio Laudamuco para Textos Teatrais, 2022*.

Nun sobre anexo pechado deberá figurar, no exterior, o lema e conter, no interior, os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, DNI, enderezo postal, número de teléfono, correo electrónico e currículo da autora ou autor.

### Cuarta.-

O prazo de admisión de orixinais rematará o día **11 de febreiro de 2022**.

### Quinta.-

O xurado do premio estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte teatral; será proposto pola Academia Galega de Teatro e nomeado polo Alcalde de Brión. Actuará como secretario/a a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes..

### Sexta.-

Na proposta de resolución do premio haberá unha única obra gañadora. Unha vez emitida a resolución do xurado procederáse á apertura da plica gañadora no curso dun acto público que se celebrará na terceira semana do mes de abril na Sala de Xuntas do Concello de Brión; en dito acto farase pública a composición do xurado. O veredicto do xurado será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Brión, que é o órgano competente para resolver o premio.

### Sétima.-

A entrega do premio terá lugar nun acto organizado polo Concello de Brión o **16 de maio de 2022**, corenta e catro aniversario da posta en escena de *Laudamuco, señor de ningures*. Trala entrega e aceptación do premio, a Academia Galega de Teatro resérvase o dereito de facer unha lectura dramatizada do texto sen que iso supoña compensación económica para o/a autor/a premiado/a.

### Oitava.-

Os orixinais non premiados poderán ser retirados das dependencias da Casa da Cultura do Concello de Brión no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non sexan retirados serán destruídos.

### Novena.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases. A entidade organizadora queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nas presentes bases.